

CRITERIOS SELECCIÓN ALUMNADO

Para mobilidades de FCT de alumnos de ciclos superiores:

Fase 1:

O titor, coa axuda do equipo educativo correspondente, realizará unha valoración da autonomía, sociabilidade, capacidade de adaptación, resolución de conflitos, aproveitamento das clases do ciclo e previsión de aproveitamento da mobilidade. O alumnado que supere esta fase pasará á seguinte fase da selección.

Fase 2:

Valoraranse os seguintes aspectos do alumnado, atendendo ao seguinte baremo:

1. EXPEDIENTE ACADÉMICO (máx 2 puntos):
Valorarase ata un máximo de 2 puntos, calculando a nota media obtida en primeiro curso do ciclo formativo sen ter en conta un módulo validado:
 - De 6 a 6,99: 0,5 puntos
 - De 7 a 7,99: 1 punto
 - De 8 a 8,99: 1,5 puntos
 - De 9 a 10: 2 puntos

2. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA (máx 2 puntos):
Terase en conta a certificación de competencias lingüísticas con certificado legalmente homologado ou con proba de nivel feita no centro, ata un máximo de 2 puntos:
 - Nivel A2: 0,5 puntos
 - Nivel B1: 1 punto
 - Nivel B2: 1,5 puntos
 - Nivel C1 ou C2: 2 puntos

3. COMPETENCIAS PERSONAIS E ACTITUDES (máx 2 puntos):
Realizarase unha entrevista coa responsable de Orientación do centro e valorarase:
 - Iniciativa. Capacidade de adaptación
 - Autonomía
 - Capacidade de comunicación
 - Madurez
 - Resolución de conflitos
 - Motivación e expectativas

4. EN CASO DE EMPATE EN MÉRITOS DARASE PRIORIDADE A:
 - a) Estudantes de contornos socioeconómicos menos favorecidos
 - b) Estudantes que non participasen en mobilidades do Programa Erasmus+
 - c) Farase unha repartición equitativa por razón de xénero